Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Demiños lambóns

Pasou en Castro Caldelas (Ourense). Unha moza estivo posuída polos demiños e víase en que falaba o castelán correctamente cando de seu natural era incapaz.

A moza posuída, a criatura segundo preferían chamarlle os demiños, tiña unha irmá de nome Carolina e se ós enredantes se lles antollaba facían que Carolina tivese que levar a irmá ás cabaliñas.

A criatura negábase en redondo a pisar lugar sagrado, así que cando chegou o día da novena dos Remedios, a pesar dos moitos intentos que se fixeron , non houbo maneira de convencela para que fose.

Entón falaron os demiños e dixeron que se lles daban un chourizo e unha onza de chocolate deixaban ir a moza á novena. Déronlles as viandas, a moza foi á novena e quedou libre deles xa para sempre.

[Ilustración de Noemí López]



BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

RISCO, V., «Miscelánea folklórica», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Demiños, Espiritados, Ramo cativo], Xerais, Vigo, 1999.